

## **BASES DA VI EDICIÓN DOS PREMIOS SOFÍA NOVOA ORTIZ Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E DE FIN DE MÁSTER**

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, e tamén na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia. Ambas as normas sinalan que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes a nivel do Estado español; na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; e no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; recóllese que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécense como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con este ámbito competencial, a Deputación de Pontevedra, dentro do seu ámbito de actuación, ten entre os seus obxectivos a proposta e execución das políticas de fomento en materia de igualdade e de erradicación da violencia de xénero e o apoio de liñas de subvencións destinadas á realización de actividades e programas relacionados coa promoción e co desenvolvemento de accións que fomenten o principio de igualdade, de conformidade cos criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Desde 2016 os Premios Sofía Novoa Ortiz á Inclusión da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster representan unha clara aposta por dar a coñecer a inclusión da perspectiva de xénero nos diferentes traballos académicos e de investigación do estudantado da Universidade de Vigo nos campus de Vigo e de Pontevedra.

Así, nas cinco edicións pasadas presentáronse máis de 100 traballos con 25 persoas premiadas, o que consolida estes premios como un elemento válido para concienciar sobre a importancia da perspectiva de xénero para acadar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Deste xeito, A Deputación de Pontevedra, dentro das súas múltiples liñas de actuación na promoción da igualdade real e efectiva, promove a sexta edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á Inclusión da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster, que se rexerán polas seguintes bases:

### **1. Obxecto**

O obxecto destas bases é facer pública a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, da sexta edición dos Premios Sofía Novoa Ortiz á Inclusión da Perspectiva de Xénero nos Traballos de Fin de Grao e de Fin de Máster, co obxectivo de fomentar, consolidar e dar a coñecer a inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de máster e de fin de grao realizados nos campus de Vigo e de Pontevedra da Universidade de Vigo.

### **2. Dotación orzamentaria**

A contía asignada para estes premios ascende a cinco mil douscentos (5.200) euros e imputarase á aplicación orzamentaria 21/250.2315.480.02 do Orzamento ordinario do organismo provincial.

### **3. Persoas beneficiarias**

Poderán solicitar estes premios as e os estudantes da Universidade de Vigo dos campus de Pontevedra e Vigo que realizasen un traballo de fin de grao ou de fin de máster no que se inclúa a perspectiva de xénero e que fose presentado, defendido e aprobado durante o curso 2020-2021 en calquera rama de coñecemento.

### **4. Requisitos dos traballos**

Os traballos presentados á convocatoria, que poderán ser de calquera rama de coñecemento, deberán contemplar a perspectiva de xénero ou incorporar o xénero como categoría de análise.

No caso de que o traballo non estea en ningún dos idiomas cooficiais (galego ou castelán) deberá achegarse unha tradución literal nunha destas linguas.

Os traballos deberán ser presentados, defendidos e aprobados durante o curso 2020-2021.

As persoas participantes garantirán que os traballos e os contidos presentados son orixinais e non infrinxen dereitos de terceiras persoas, e serán responsables das infraccións que puidesen causar neste sentido.

Non se poderán presentar aqueles traballos que fosen premiados noutras convocatorias ou concursos da mesma temática. De presentar o mesmo traballo a convocatorias simultáneas, no caso de que este resultase premiado a persoa adxudicataria deberá manifestar a renuncia expresa e formal se acepta outro premio.

## 5. Premios

Poderán concederse ata un máximo de 6 premios.

A distribución dos premios será a seguinte:

- Premios aos traballos de fin de grao:
  - Dous premios, dotados con mil (1.000) euros cada un
  - Un accésit, dotado con seiscentos (600) euros
  
- Premios aos traballos de fin de máster:
  - Dous premios, dotados con mil (1.000) euros cada un
  - Un accésit, dotado con seiscentos (600) euros

Estes premios estarán suxeitos á retención do IRPF segundo a lexislación vixente no momento da resolución.

O aboamento dos premios efectuarase mediante un ingreso directo na conta bancaria da que sexa titular a persoa beneficiaria.

O xurado reservará o dereito a declarar deserto calquera dos premios ou accésits.

As persoas premiadas percibirán a dotación económica e un diploma acreditativo.

## 6. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra en <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Unha vez recibidas as solicitudes, ás persoas que reúnan os requisitos da convocatoria chegaralles un código de inscrición que permitirá a entrega do traballo por vía electrónica. A persoa solicitante recibirá no seu teléfono móbil unha SMS na que se lle indicará a activación do código web asignado ao seu traballo.

Co fin de garantir o anonimato do traballo, este presentarse segundo o procedemento que se indica a continuación:

- Entrega do traballo por vía telemática: tras a recepción do código web comezará o proceso de entrega do traballo, que se deberá presentar nun ficheiro en formato PDF. A primeira parte do documento será un resumo de 500 palabras do traballo que se presenta. Este documento non deberá conter ningún elemento identificador sobre a súa autoría ou titoría
- Unha vez recibido o traballo por vía telemática, a persoa solicitante recibirá no seu correo electrónico a confirmación de que o proceso se realizou correctamente xunto cunha copia do documento rexistrado

O Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación custodiará o emparellamento do código de inscrición e do código web ata que se coñeza o ditame do xurado, momento no que se realizará o dobre emparellamento dos códigos e se coñecerá a autoría dos traballos premiados.

As solicitudes presentaranse a partir do día seguinte ao da publicación das bases desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO). O prazo de presentación finaliza o **15 de outubro de 2021** e a data límite para entregar os traballos por vía telemática é o **22 de outubro de 2021**.

## 7. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar o documento correspondente.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

## 8. Documentación

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitud a seguinte documentación:

- Certificación académica da titulación correspondente na que se indique a data de presentación do traballo e a cualificación obtida

Esta documentación presentarse preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a presentación do documento orixinal para cotexar coa copia electrónica achegada.

## **9. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra en <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei de procedemento administrativo común da Administración pública (LPACAP) requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da citada lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non facelo, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

## **10. Instrución do procedemento e xurado**

A instrución do procedemento de concesión dos premios correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos, en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados a continuación, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da Lei xeral de subvencións (LXS). Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle á Intervención para a súa fiscalización.

Os traballos gañadores seleccionaraos un xurado, nomeado para estes efectos por resolución presidencial, que estará composto por:

- **Presidenta:** a xefa do Servizo de Igualdade da Deputación ou a persoa en quen delegue

- Vogais: dúas persoas pertencentes ao persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo e unha persoa funcionaria da Deputación de Pontevedra.
- Secretaria: a técnica do Servizo de Igualdade, que terá voz e voto

O xurado analizará os traballos presentados e valoraraos segundo os seguintes criterios:

- Calidade do traballo presentado (de 0 a 30 puntos)
- Relevancia e carácter innovador da súa temática e metodoloxía (de 0 a 20 puntos)
- Aplicabilidade práctica das achegas do estudo (de 0 a 15 puntos)
- Uso dunha linguaxe inclusiva (de 0 a 15 puntos)
- Uso da lingua galega (de 0 a 10 puntos)
- Referencias e fontes bibliográficas (de 0 a 10 puntos)

O xurado poderá contar coa presenza e a asistencia de persoas expertas nas diferentes áreas e solicitar tanta información adicional considere oportuna para a súa resolución.

As persoas que integren o xurado percibirán as indemnizacións correspondentes ás axudas de custo e desprazamento pola asistencia ás xuntanzas das que se elabore acta. Estes gastos imputaranse á aplicación orzamentaria 21/250.2315.226.99.

A concesión do premio non implica a perda da propiedade intelectual nin industrial. A Deputación de Pontevedra, non obstante, poderá publicar os traballos premiados, dos que fará constar sempre a autoría.

Así mesmo, un exemplar de cada traballo premiado quedará depositado na Biblioteca da institución provincial.

A participación na convocatoria suporá a cesión dos dereitos para os efectos do anterior. A publicación en principio será gratuíta; de preverse a venda dos exemplares requiriríase o consentimento da persoa autora e poderanse pactar os termos desta.

## **11. Resolución do procedemento**

O ditame do xurado será inapelable e o premio poderá quedar deserto se os traballos non reúnen a calidade suficiente.

A resolución derivada da decisión do xurado farase pública no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP. Así mesmo, tamén se publicará en [www.depo.gal](http://www.depo.gal). Ambas as publicacións expresarán o réxime de recursos correspondente.

Os premios entregaranse nun acto institucional organizado pola Deputación de Pontevedra.

## **12. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

### **13. Autorización para a difusión de imaxes**

No formulario de solicitude as persoas solicitantes poderán autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes na entrega dos premios, as cales poderán ser publicadas pola Deputación de Pontevedra.

A participación na convocatoria implica a aceptación destas bases.

### **14. Publicidade**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO

### **15. Dereito supletorio**

Para o non disposto nestas bases seguirase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación; nas Bases de execución do Orzamento provincial para o exercicio 2021; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións; e na demais lexislación aplicable.